

TEMA 11 MUNDO URBANO

I. AS CIDADES E A URBANIZACIÓN

1. **Concepto de cidade** segundo a ONU.

(páxina 276)

Núcleo de poboación que conta con numerosos habitantes e unha edificación densa e en altura; desempeña funcións principalmente industriais e terciarias; e estende a súa influencia máis aló do seu territorio.

2. Perspectivas do **crecemento das cidades**. Onde vive máis xente, no campo o una cidade?

Xustifica a resposta.

Na actualidade, dende 2021, o 56% da poboación mundial vive en cidades. O ritmo de crecemento foi moi desigual ao longo da Historia. Aínda que se desacelerou, a poboación urbana igualou á rural no 2008, e prevese que no 2050 represente xa o 68.35% da poboación mundial.

3. Que é a **taxa de urbanización**?

(páxina 277)

É a porcentaxe da poboación dun país que vive nas cidades.

4. Onde se atopan as taxas máis altas ? E as máis baixas?

As taxas máis altas atópanse nos países máis desenvolvidos xunto con América latina, e a máis baixa nos países menos desenvolvidos.

II. AS GRANDES ÁREAS URBANAS NO MUNDO ACTUAL

1. Que son as **aglomeracións** urbanas? Por que xorden?

(páxina 278)

Son grandes aglomeracións urbanas formadas polo crecemento de varias cidades ata unirse.

2. Define:

- **Área metropolitana:** unión dunha cidade principal coas poboacións veciñas coas que se establecen intensas relacións sociais e económicas.
- **Conurbación:** Unión de cidades de importancia similar.
- **Rexión urbana:** Crecemento de diversas cidades dispersas pero próximas.
- **Megalópole:** sucesión de áreas metropolitanas e conurbacións de escala suprarrexional.

3. Que son as **megacidades**? Por que adquiriron gran relevancia? Por que se din que constitúen centros dinamizadores para o seu ámbito rexional?

Son aglomeracións urbanas que superan os 10 millóns de habitantes. Adquiriron gran relevancia nos nosos días porque concentran a maior parte da vida política, económica, social e cultural influíndo nos seus ámbitos rexionais e, incluso, mundiais.

III. MORFOLOXÍA URBANA

1. Que é a **localización**?

(páxina 280)

É o espazo físico concreto sobre o que se asenta a cidade, relacionado coa súa orixe.

2. Que é o **plano urbano**? Indica os tipos e as súas características. Plano complexo?

O plano urbano é a representación gráfica de superficies libre e de superficies construídas da cidade. Hai tres tipos: **irregular** (rúas desordenadas e estreitas), en **cuadrícula** (rúas rectilíneas que se cortan en ángulo recto) e **radiocéntrico** (rúas radiais que parten dun centro cortadas por outras en forma de aneis). A maioría das cidades teñen un plano **complexo**, formado pola xustaposición de varios tipos deles.

3. Que é a **edificación**? É o conxunto de construcións urbanas.

4. Que son os **usos do solo**? Son as diferentes utilizacións do espazo urbano: residencial, comercial, industrial, de equipamentos, etc.

IV. ESTRUCTURA URBANA

(páxina 282)

Distingue:

- Centro: onde se encontra o barrio histórico e o centro comercial e de negocios (CBD).
- Periferia: parte contigua ao centro da cidade resultado do crecemento da cidade.
- Franxa periurbana ou rurba: parte de transición entre o campo e a cidade.